

Decreto número 00000431 de 2020

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA RELATIVA Á CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA CONXUNTA DAS OBRAS DE MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NA CASA DA CULTURA COFINANCIADA POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) DENTRO DO PROGRAMA OPERATIVO DE CRECEMENTO SUSTENTABLE 2014-2020

ANTECEDENTES

1.-Por resolución de Alcaldía de 27.08.2019 (Decreto 751) aprobáronse os proxectos da obra de referencia para as seguintes actuacións:

- a) Melloras de Eficiencia Enerxética en Casa da Cultura: mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación interior nos edificios municipais existentes, redactado polo enxeñeiro industrial, Pablo Estévez Salgado, Colexiado do I.C.O.I.I.G. nº-1.282, cun orzamento de execución por contrata de 149.490,10 euros, Imposto sobre ou Valor Engadido incluído.
- b) Melloras de Eficiencia Enerxética en Casa da Cultura: instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica ou hidrotérmica mediante bombas de calor, redactado polo enxeñeiro industrial, Pablo Estévez Salgado, Colexiado do I.C.O.I.I.G. nº-1.282, cun orzamento de execución por contrata de 158.680,37 euros, Impostosobre ou Valor Engadido incluído.

2.- Por resolución da Alcaldía de data 02.03.2020 (Decreto 335) aprobouse a adxudicación dos dous lotes que o compoñen, e que se detallan a continuación, a favor de **VERTIA INGENIERIA S.L (NIF B70483052)**:

LOTE 1: Mellora da eficiencia enerxética na Casa da Cultura: iluminación, polo importe de **88.935,00 euros** (73.500,00 euros, máis 15.435,00 euros de IVE) e con cargo á aplicación orzamentaria 330/623.03.

LOTE 2: Mellora da eficiencia enerxética na Casa da Cultura: climatización, polo importe de **120.274,00 euros** (99.400,00 euros, máis 20.874,00euros de IVE) con cargo á aplicación orzamentaria 330/623.03.

3.-Consta no expediente informe da necesidade de contratación de dito servizo de asistencia técnica conxunta polo órgano competente conforme ó artigo 188 la Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no que se indica que non se está a alterar o obxecto do contrato para eludir a aplicación das normas relativas a publicidade e adxudicación.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E400025E9F00A9Q8Z0B4W2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ- Alcalde/Presidente - 12/03/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/03/2020 13:09:18

EXPEDIENTE :: 2020MED000000007

Fecha: 04/03/2020

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL



1ª.- O artigo 173.5 Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de facendas locais (B.O.E. núm. 59, do 8-03-2009), sinala que non poderán adquirirse compromisos de gastos por contía superior ó importe dos créditos autorizados no estados de gastos, sendo nulos de pleno dereito os acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan a expresada norma, sen prexuízo das responsabilidades ás que puidera dar lugar.

2ª.- O artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP), pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE de 26 de febreiro de 2014, relativo ós contratos de servizos.

3ª.- O artigo 118 da mesma Lei, que establece:

“1. Se consideran contratos menores los contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cuando se trate de contratos de obras, o a 15.000 euros, cuando se trate de contratos de suministro o de servicios, sin perjuicio de lo dispuesto en el artículo 229 en relación con las obras, servicios y suministros centralizados en el ámbito estatal.

2. En los contratos menores la tramitación del expediente exigirá la emisión de un informe del órgano de contratación justificando de manera motivada la necesidad del contrato y que no se está alterando su objeto con el fin de evitar la aplicación de los umbrales descritos en el apartado anterior.

3. Asimismo se requerirá la aprobación del gasto y la incorporación al mismo de la factura correspondiente, que deberá reunir los requisitos que las normas de desarrollo de esta Ley establezcan.

4. En el contrato menor de obras, deberá añadirse, además, el presupuesto de las obras, sin perjuicio de que deba existir el correspondiente proyecto cuando sea requerido por las disposiciones vigentes. Deberá igualmente solicitarse el informe de las oficinas o unidades de supervisión a que se refiere el artículo 235 cuando el trabajo afecte a la estabilidad, seguridad o estanqueidad de la obra.

5. Lo dispuesto en el apartado 2.º de este artículo no será de aplicación en aquellos contratos cuyo pago se verifique a través del sistema de anticipos de caja fija u otro similar para realizar pagos menores, siempre y cuando el valor estimado del contrato no exceda de 5.000 euros.

6. Los contratos menores se publicarán en la forma prevista en el artículo 63.4.”

4ª Conforme ao artigo 99, tamén da LCSP, non existe fraccionamento de contrato, ao constituír o obxecto deste contrato unha unidade separada, operativa e funcional.

5ª Segundo o artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os contratos menores están exentos de fiscalización previa.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E400025E9F00A9Q8Z0B4W2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ-Alcalde/Presidente - 12/03/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/03/2020 13:09:18

EXPEDIENTE ::
2020MED000000007
Fecha: 04/03/2020
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL



6ª.- A D.A. segunda da LCSP, que sinala como órgano de contratación ó Alcalde-Presidente nos contratos de obras, subministracións, servizos, xestión de servizos públicos, administrativos especiais e privados cando o seu importe non supere o dez por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros.

7ª.- Os artigos 12 e 13 da Lei 38/1999, de 5 de novembro, da ordenación da edificación, que establecen que o director de obra é o axente que, formando parte da dirección facultativa, dirixe o desenvolvemento da obra nos aspectos técnicos, estéticos, urbanísticos e medioambientais, de conformidade co proxecto que a define, a licenza de edificación e demais autorizacións preceptivas e as condicións do contrato, co obxecto de asegurar a súa adecuación ó fin proposto; e o director da execución da obra é o axente que, formando parte da dirección facultativa, asume a función técnica de dirixir a execución material da obra e de controlar cualitativa e cuantitativamente a construción e a calidade do edificado e determinan as obrigas dos directores de obras e de execución de obra.

8ª.-O Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, que no seu artigo 7.2º establece «O plan de seguridade e saúde deberá ser aprobado, antes do inicio da obra, polo coordinador en materia de seguridade e de saúde durante a execución da obra. No caso de obras das Administracións públicas, o plan, co correspondente informe do coordinador en materia de seguridade e de saúde durante a execución da obra, se elevará para a súa aprobación á Administración pública que teña executada a obra. Cando non sexa necesaria a designación de coordinador, as funcións que se lle atribúen nos parágrafos anteriores serán asumidas pola dirección facultativa».

9ª.-As obrigas para o coordinador, contratista e outros que interveñan na execución do contrato de obras, que se recollen no Real Decreto 1627/1997 (en especial, nos artigos 7, 9, 10, 11, 12 e 13)

10ª.-O artigo 7 do mencionado Decreto, polo que se establecen as condicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, que sinala que procede a aprobación polo órgano de contratación do devandito plan de seguridade e saúde.

11ª.-O Real Decreto Lexislativo 337/2010 de 19 de marzo, pola que se modifican o Real Decreto 39/1997, de 4 de xaneiro; o Real Decreto 1109/2007, de 24 de agosto, e o Real Decreto 1627/1997 de 24 de outubro, que na súa Disposición derogatoria única establece a derogación do artigo 18 do Real Decreto 1627, de 24 de outubro, polo que se regulan as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, desaparecendo o “Aviso Previo”, quedando substituído pola “Comunicación de apertura de centro de traballo, que terá que cursarse á Autoridade Laboral unicamente polos empresarios que teñan a consideración de contratista e que será previa ó inicio das obras”.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E400025E9F00A9Q8Z0B4W2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ-Alcalde/Presidente - 12/03/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/03/2020 13:09:18

EXPEDIENTE ::
2020MED000000007
Fecha: 04/03/2020
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL



12ª.-O artigo 7.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as condicións mínimas de seguridade e saúde en obras de construción.

En atención ó exposto, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.-Autorizar e dispoñer o gasto, con cargo á aplicación **2020/330/623.03** do Orzamento vixente , a favor **ABANTE INGENIERÍA, S.L.P (N.IF.: B27243666)** polo prezo de adxudicación de 7.260,00 euros, dos cales 1.260 corresponden ó IVE, coa seguinte desagregación:

1.-DIRECCIÓN FACULTATIVA, COORDINACIÓN SE SEGURIDADE E SAÚDE, CERTIFICADO ENERXÉTICO E MELLORA EN CONTRATO DE INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN INTERIOR (LOTE 1)

- **Prezo** (sen IVE) : 3.000,00 euros

IVE: 630,00 euros

Prezo (con IVE): 3.630,00 euros

2.-DIRECCIÓN FACULTATIVA, COORDINACIÓN SE SEGURIDADE E SAÚDE, CERTIFICADO ENERXÉTICO E MELLORA EN CONTRATO DE INSTALACIÓN DE APROVEITAMENTO DE ENERXÍA AEROTÉRMICA (LOTE 2)

- **Prezo** (sen IVE) : 3.000,00 euros

IVE: 630,00 euros

Prezo (con IVE): 3.630,00 euros

SEGUNDO.- Adxudicar, polo procedemento do contrato menor, **o servizo de asistencia técnica conxunta,** que inclúe a totalidade das actuacións descritas no apartado anterior, **a favor da citada entidade.**

TERCEIRO.- Notificar esta resolución á mencionada **adxudicataria** e tamén a **VERTIA INGENIERIA S.L (NIF B70483052)**

DOCUMENTO ASINADO ELETRONICAMENTE



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E400025E9F00A9Q8Z0B4W2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ-Alcalde/Presidente - 12/03/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/03/2020 13:09:18

EXPEDIENTE ::
2020MED000000007

Fecha: 04/03/2020

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL

